

BANDO



Programa DEPOTERMAL 2022

Infórmase aos veciños e veciñas que o **Concello de Pontecesures** participa Programa DEPOTERMAL 2022 da **Deputación Provincial de Pontevedra**, para persoas empadroadas na provincia de Pontevedra, que conta con dúas modalidades:

- a) Programa de **asistencia diaria a balnearios** durante cinco días consecutivos
- b) **Programa termal con pernoita** (estadía en réxime de Pensión completa durante 6 días/5 noites)

Persoas destinatarias e requisitos:

-Nacer antes de 1 de xaneiro do 1972, ou ser pensionista, ou ter un grao de discapacidade superior ao 65% ou precisar dun respiro familiar.

As persoas beneficiarias deben reunir ademais os seguintes requisitos:

- Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades transmisibles con risco de contaxio
- Poder valerse de maneira autónoma para as actividades da vida diaria. No caso de persoas con discapacidade, non ter recoñecida axuda de terceira persoa.

Documentación:

- Modelo de solicitude cuberto (anexo II)
- Certificado acreditativo da condición de persoa pensionista, de ser o caso.
- Tarxeta ou certificado de recoñecemento do grao de discapacidade, de ser o caso.

Prazo de Solicitude:

Ata o 3 de maio


Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello, con **cita previa**, nos teléfonos 986 557125 e 986 564409

O ALCALDE, **Juán Manuel Vidal Seage**
(asinado dixitalmente á marxe)



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESUR



Cod. Validación: 3LRLRXXW5HKWEG6LMSNEP3YP | Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1